Liquidambar styraciflua L., 1753

- liquidámbar, ozocol, ocozol
- liquidámbar, l. americano, ocozol, estoraque, árbol del ámbar
- lizarondo
-
- sweet gum tree
- árvore do âmbar, árvore do estoraque



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Saxifragales**	**Altingiaceae**	***Liquidambar***

ORIXE

América do Norte e partes de América central.

CARACTERÍSTICAS

Árbore caducifolia que pode alcanzar os 20-25 m de altura. Follas palmeadas, con 3-7 lóbulos triangulares, marxes dentadas, que se volven moi coloridas no outono. A codia é rugosa, con fendeduras profundas, e produce unha resina aromática (ámbar líquido). As flores masculinas atópanse en acios, mentres que as femininas en pedúnculos longos, ambas son pouco vistosas. Os froitos son cápsulas globosas, espiñentas, que conteñen sementes aladas e persisten na árbore.

HÁBITAT

Bosques temperados frescos, chairas inundables e zonas húmidas, preto de ríos, preferindo solos profundos, fértiles e lixeiramente ácidos, aínda que tolera certa humidade e tipos de solos, precisando pleno sol para un bo desenvolvemento.

DISTRIBUCIÓN

Dende o sueste de Estados Unidos ata Nicaragua, Europa, Canadá, A Arxentina, Australia, Chile, África do Sur e Nova Zelandia.

CURIOSIDADES

Varias culturas, dende os aztecas ata os nativos de América do Norte, usaban a súa resina endurecida como goma de mascar; refrescaba o alento e limpaba os dentes.